

Anímate a ser voluntario Europeo!

Se tes entre 18 e 30 anos e queres emprender unha iniciativa europea novidosa, esta é a túa oportunidade para axudar aos demais e achegarte a Europa.

Convocatorias abertas!!!!!!

Acción 1.3 Intercambios xuvenis:

Proxecto en Grecia Agosto 2010; custe 30% dos gastos da viaxe.

Proxecto en Ribadavia Agosto 2010;

Proxecto en Vigo Agosto 2010;

Acción 2.1 Voluntariado Europeo

Proxectos en Argentina, Panamá, Uruguay e Costa Rica

Outros;

Curso de Formación en Atenas

Candidatos: personas de ONGs, asociacións, traballadores con progrmas de xuventude, con inglés de nivel A1- A2,

Lugar: Atenas, (Grecia)

Datas: 8-14 marzo 2010

Prazo inscrición: antes do 1 de febreiro.

Para mais información

Punto de Información Xuvenil Europa

Centro Social de Boiro de luns a Venres.

Concertar cita no teléfono 981842635 ou centrosocial@boiro.org

Información Complementaria Adxunta:

¿Que é?

Trátase de ser voluntario nun país do programa ou un país veciño, sempre que sexa distinto ao teu, durante un período de tempo concreto.

¿Quen participa?

- Unha ou máis organizacións de envío;
- Unha ou máis organizacións de acollida;
- Un ou máis voluntarios

O Concello de Boiro é unha entidade de envío e acollida ata o ano 2013 así que é a túa oportunidade.

¿Que é o que vou facer exactamente?

As actividades poden ser culturais, de deportes, de axuda social, de medio ambiente, etc.

¿Cal é a duración?

No estranxeiro, sen ter en conta a preparación e a avaliación do proxecto, mínimo de dous e máximo de doce meses.

¿Onde?

Sempre nun país diferente ao da túa residencia, que sexa do programa ou un país socio.

¿Como fago un bo proxecto?

Elixindo unha organización de envío e de acollida que teñan unha boa comunicación entre elas e que che proporcionen o apoio preciso para realizar un bon programa de actividades. Tes que demostrar moito interese e entusiasmo ao longo do proxecto. Seguro que non se

resistirán!

¿Como encontro un grupo de envío ou de acollida?

No Concello de Boiro existe un punto de información Europeo no Centro Social de Boiro, que te informará de todo o que necesites coñecer

¿Como consigo o diñeiro para todo isto?

O SVE é gratuito para os voluntarios, todos os gastos están cubertos

¿Cando me apunto?

Para os proxectos que empezan entre o:

- 1 de maio e o 30 de setembro, a data límite é o 1 de febreiro.
- 1 de xullo e o 30 de novembro, a data límite é o 1 de abril.
- 1 de setembro e o 31 de xaneiro, a data límite é o 1 de xuño.
- 1 de decembro e o 30 de abril, a data límite é o 1 de setembro.
- 1 de febreiro e o 30 de xuño, a data límite é o 1 de novembro.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/modulo.php?mod=ppr&idc=5&pag=0>